

Margit Sziget

URSULA HEINZE

para Ursula Setzer

Foi unha sorte que a metade dos asentos quedase baldeira, pois iso permitiunos que nos repartisemos comodamente por todo o autobús.

Enprendémo-la viaxe pola mañá cedo e tardamos ata mediodía en chegar á fronteira, onde fixémo-lo primeiro alto no camiño. Os campos abandonados e envoltos nunha brétema abafadora non prometían nada atractivo a explorar. De todos modos collín e fun estira-las pernas. Alongueime de máis e por pouco perdo o autobús.

Non sabería dicir con exactitude por que elixín precisamente visitar Budapest e non Praga ou Varsovia. Ó mellor foi por Laszlo, non o sei. Coñecino hai uns anos e levaba a súa dirección no peto. É posible que alimentase a difusa idea de experimentar novas sensacións no descoñecido país maxiar.

A primeira impresión non puido ser máis decepcionante. Como era unha optimista perdida, tentei non perde-lo ánimo. En pleno inverno só se debía disfrutar dunha paisaxe outonal en parques, xardíns ou fragas.

A miña meta era a cidade, onde as distintas estacións do ano non teñen maior incidencia. Experimentara de sobra a soidade que producen as grandes urbes. E aínda así caía con frecuencia nas súas redes tentadoras como ocorreu tamén nesta ocasión. Sempre en busca de xentes e lugares novos, emprendía cada pouco viaxes máis ou menos longas.

Deixados atrás Győr e Tatabánya avistamos finalmente Óbuda, Buda e Pest, federados no ano 1873 en Budapest, aínda que separados eternamente polo Danubio.

Desde o cume do monte Gellért admirámo-la situación dos dous barrios ó modo de media lúa cada un, cortados na metade polo río coma un ecuador histórico entre leste e oeste.

O cansazo salvoume dos monótonos discursos do guía, nos que o nome real de *Bela* aparecía a miúdo. A miña mente fuxía a un baño quente na

bañeira do hotel e non ós baños turcos de Király en Buda.

No hotel *Budapest* recollín a chave do cuarto e encargueille ó mozo que me subise a equipaxe. Ó entrar no cuarto decateime de que ía pagar máis do que valía. Mentres a bañeira se enchía de auga quente púxenme a cazar moscas. Non matei sete dun golpe, pero ós poucos e con paciencia asasinei o dobre ou o triple. A continuación disfrutei do baño todo o que puiden.

Unha vez refrescada e tranquila, animeime a dar un paseo nocturno. Apracei a chamada telefónica a Laszlo para o día seguinte.

O aire xelado da noite queimábame a cara ó cruza-la ponte Széchenyi, a máis antiga da cidade.

Unha ringleira de coches dos tempos de María Castaña, chirriantes e cun cheiro a peste, pasaban a modiño á miña man dereita. Aquí semellaban descoñece-las présas. Polo menos ninguén mostraba apuro. As augas caudalosas do río evidenciaban na debilmente iluminada escuridade máis contaminación ca á plena luz do día. Nos recunchos da ponte, protexidos do frío, feirantes ambulantes vendían vestimentas, condecoracións e pins de gloriosos tempos militares pasados. Resistín estoicamente a tentación de mercar un gorro de pel ou de coiro por mor de apazuga-lo aire conxelado. A verdade é que non o fixen pola insultante fealdade do produto.

Aquela noite a miña meta era o famoso Bastión do Pescador. Enfronte, á outra beira do río, brillaba con iluminación artificial o imponente complexo arquitectónico do Parlamento, de estilo neogótico. Mesmo puiden avista-lo catavento en forma de galo na cúpula. Ó lado estaban a Academia das Ciencias e maila Karl Marx-Universidade de Económicas, de estilo renacentista, como se podía ler no libro-guía.

Senteime nun dos bancos de pedra no Bastión do Pescador fascinada polo maxestuoso panorama

que tiña á miña fronte. Volta á realidade sentín unha crecente dor nos pés, sinal de que debía remata-la miña camiñada para hoxe. Preferín deixa-la visita á igrexa de Matthias e a subida á Citadella co Palacio Real para outro día.

Pechei os ollos por uns intres gozando da estancia naquel lugar histórico. O vento azoutábame a testa coma se me quixese castigar por algo que non cometera. Deixei narcotizar por cheiros estraños e voces descoñecidas. Enfeitizoume unha sensación de poder e grandeza de séculos pasados. Tomei contacto cunha cultura á que non tivera acceso ata este momento. Estaba disposta a acepta-lo reto. Dedicaría os vindeiros días a percorre-la cidade de cabo a rabo.

Mais ¿onde estaba a xente? ¿Onde estaban as persoas para preguntar e falar con elas? Aínda non tropezara con ninguén camiñando por alí coma min. Sentíame un pouco perdida no medio dun vento feroz e unha chea de coches contaminantes.

Custoume traballo face-lo camiño de volta.

No vestíbulo da entrada batín cunhas rapazas rechamantes, máis ben desvestidas ca vestidas, buscando clientela. Posiblemente lamentei por vez primeira non ser un home.

¿Chamaría a Laszlo a estas horas da noite? Non. Comprebei que o teléfono do cuarto non funcionaba.

Deiteime. Lin sen me concentrar no contido. Na radio a orquestra Cigányzenekar de Budapest estaba a tocar Csárdas. Estimuloume de tal maneira que non fun capaz de quedar durmida e estiven a dar incontables voltas na cama, que me resultaba bastante incómoda.

Espertei cedo, en todo caso de máis para chamar a Laszlo. Tardei en vestirme. Busquei os pendentes de ouro que facían xogo co reloxo de pulseira. Budapest merecía contempla-las miñas mellores xoias.

Despois do almorzo, non moi abundante por certo, marchei en dirección ó centro da cidade. Ante todo pensaba mercar unha entrada para a ópera. Coñecía as eloxiosas críticas referentes ás últimas representacións musicais, que traspasaban as fronteiras. Quería disfrutar dunha ópera de Verdi, o meu compositor favorito.

A coñecidísima cafetería Gerbeaud, na popular Vörösmarty ter, xa estaba aberta. Non resitín a

tentación de tomar un café e probar unha das saborosas tartas que ofrecía.

Tiña por costume mercar en cada sitio novo ó que ía un xornal local, aínda que non entendese unha palabra, como era o caso do húngaro. Botei unha ollada por enriba das follas, pasándoas a modiño. As fotos dos políticos semellábanse en todas partes.

Sen motivo aparente levantei a vista por un segundo, un xesto case mecánico.

Alí estaba el. Na entrada do café, apoiado no marco da porta. Era un home alto e arrogante, plenamente consciente do seu atractivo físico. Impactoume de seguida. Non tentei sequera ceibarme daquela fascinación.

Achegouse de vagar á miña mesa. Mentres a súa fala inintelixible me aturdía, os seus ollos escuros provocábanme unha clara insinuación seductora.

Sentouse á miña beira sen convidalo. Seguía a falar agarimándome cunha voz sensual. Non lle entendía nin unha palabra.

Un agradable desexo subíume polo lombo. ¿Quen era aquel home? Non o coñecía de nada. ¿Laszlo, se cadra? Aínda que pasara bastante tempo sen velo, estaba convencida de que non era el. O descoñecido ó meu lado confundíame de seguro con outra persoa. Deberíame erguer e marchar.

Tardei de máis. Coma atraída por un imán quedei sentada tremendo de excitación. ¿Que agardaba?

Contestei cun sorriso forzado ó que me soaba coma unha pregunta entre tantas palabras que baldeirou enriba de min.

De súpeto colleume pola man e levantoume. O contacto físico electrizoume e estremecín. Supoño que el se decatou da miña reacción.

Sáímos a fóra. Agarroume polo brazo apertándoo suavemente contra el. Non me opuxen.

Acompañei a un descoñecido con quen nin sequera podía intercambiar unha palabra. ¿Que situación máis absurda! Tratei de conserva-la serenidade e o control sobre min mesma.

Lucía un sol espléndido co vento en calma. Ía máis calor có día anterior.

Vagamos pola Váci utca, a rúa de luxo da cidade, ocupada por pintores ambulantes, pedidosores e vendedores.

A través de múltiples xestos intentei convencer ó meu acompañante para ir xantar ó restaurante New York. Este restaurante-palacio interesábame por ter xantado alí antano persoeiros coma Josephine

Baker, Thomas Mann, Franz Léhar, Richard Strauss e moitos outros famosos.

Obviamente entendeu o termo *restaurant New York* e rexeitou a miña oferta cun enérxico movemento coa cabeza. Da seguinte fervenza de palabras captei unicamente *Margit Sziget*.

Guiada pola curiosidade seguino ó parque máis vistoso de Budapest, situado nunha illa no Danubio.

Sorprendida pola exuberancia de diferentes tons outonais das follas e pola suave voz do meu acompañante cría estar a soñar cos ollos abertos.

Nun banco escondido detrás dunha póla baixa sentamos tan preto un do outro que se confundían os nosos alentos. A penas disimulaba a miña excitación. O descoñecido abriume o abrigo con suma delicadeza, apanxándose o corpo de arriba a abaixo. Apertouse contra o meu lombo bicándose o pescozo mentres me metía os dedos áxiles debaixo do xerse en busca dos peitos. Seguiron baixando ata facer un alto por entre as coxas. A voz sensual non paraba de bisbarme palabras estrañas ó oído, que eu non entendía.

Incapaz de reaccionar entregueime ó xogo dos dedos. Cun rápido movemento volveume cara a el e encheume a boca coa súa lingua. Sabía a cigarros e alcohol. Nin sequera iso me daba noxo.

Unha voz firme separounos en cuestión de segundos. Aínda que non entendía nada do que dicía, adiñei de contado o sentido. Dous policíaes máximas condenaban o noso comportamento escandaloso nun banco dun parque público a plena luz do día.

Espertei dun soño. Precisei duns minutos para volver á realidade e esta foi que me atopei soa no banco. Collín o abrigo para me protexer do repentino frío. Naquel momento decateime da falta do reloxo de ouro. Levei instintivamente as mans ás orellas e descubrín que tamén faltaban os pendentes de ouro. Menos mal que atopei o bolso á miña beira.

Despois de investiga-lo contido souben que o descoñecido fora todo un profesional: faltaba unicamente o moedeiro.

¡Fillo de puta! foi o primeiro que me pasou pola cabeza.

Máis tarde estalei nunha gargallada. Recibín o merecido, o castigo por tanta vaidade. Cometera o erro imperdoable de supor que un home me prefería a min ós pendentes e ó reloxo de ouro.

Pola tarde chamei a Laszlo. Prometeume por teléfono levarme ó parque máis bonito de Budapest situado nunha illa do Danubio.